

Acordo do 12 decembro de 2018 do Tribunal do proceso de selección do posto Coordinador/a da Unidade Territorial Norte de de Xestur, S.A., polo que se aproba a listaxe de candidatos coa puntuación definitiva e a proposta de selección.

De conformidade coa base 8 das bases reguladoras do proceso de selección para o posto de coordinador da unidade norte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., publicadas na páxina web: www.xesturgalicia.com, as que fai referencia o anuncio de convocatoria publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 82, do 27 de abril de 2018, o tribunal de selección en sesión de data 12 de decembro de 2018, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU:**

1.- Dar conta das alegacións que se presentaron, no seu caso, contra as puntuacións asignadas na fase da entrevista e resolución das mesmas.

O Secretario da conta de que as puntuacións da fase de entrevista, celebrada o pasado 28.11.2018, foron publicadas na páxina web de Xestur, S.A. en data 30.11.2018, concedéndose un prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións, conforme ao previsto no punto 9 das bases reguladoras do proceso selectivo, sen que contra as mesmas se presentaran alegacións.

2.- Aprobación definitiva das puntuacións do proceso selectivo e elevación ao Consello de Administración de Xestur, S.A., da proposta do candidato seleccionado.

Á vista do anterior, o Tribunal acorda, por unanimidade ratificar as puntuacións asignadas aos candidatos nas distintas fases do proceso selectivo, que se reproducen no seguinte cadro:

CADRO DE PUNTUACIÓN DEFINITIVA ASPIRANTES						
Nome	DNI	Ptos Formación	Ptos Experiencia	Ptos Plan de Actuación	Ptos Fase de Entrevista	TOTAL PTOS
Luis Baldó Macía	*****976K	20	39	25.5	—	84.5
Manuel Ángel López Real	*****439Y	15	40	27	7	89
Begoña Martínez Conde	*****613S	15	10	19.5	—	44.5
José Luis Rey Hermida	*****813H	15	10	10.5	—	35.5
Antonio Rodríguez Rodríguez	*****186R	15	16.75	15	—	46.75

En mérito de canto antecede, o Tribunal acorda propoñer como candidato seleccionado a **Manuel Ángel López Real**, por acadar a maior puntuación total, unha vez superadas todas as probas do proceso selectivo, sendo, ademais, o único candidato que superou a totalidade das fases do devandito proceso, elevando esta proposta ao Consello de Administración de Xestur, S.A., para a súa aprobación e para o nomeamento do candidato seleccionado, se procedera, de conformidade co previsto no punto 9 das bases reguladoras do proceso selectivo.

A resolución do presente proceso selectivo publicarase no Diario Oficial de Galicia.

En Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Diego Jorreto Díaz
Presidente do tribunal

